

## Comisión seguimiento pacto sábados

Na reunión celebrada o pasado 19 de febreiro, CCOO COMFIA-CCOO presentamos varias propostas que resumimos a seguir:

### **AXUDA ALIMENTARIA**

Xa que os tickets Sodexo non son utilizables nalgunhas poboacións porque non existen establecementos adheridos, solicitamos que cada ano se permita ao empregado escoller entre os tickets ou o aboamento na nómina. A empresa negouse a esta proposta, polo que acordamos esperar ao final deste trimestre para retomarmos esta cuestión e avaliar, en función das problemáticas existentes, se é preferible optar polo aboamento na nómina da axuda alimentaria para todo o cadro de persoal.

Propuxemos que a regularización de tickets Sodexo non utilizados, ben sexa por vacacións, ben por IT ou similares, se leve a cabo deducindo na seguinte entrega os tickets non utilizados. A empresa manifestou que o previsto é levar a cabo as ditas regularizacións na nómina de abril, e en outubro entregarlle ao empregado/a afectado pola situación todos os tickets necesarios para ese trimestre. Ao tempo, informáronnos de que a empresa pretende compensar a axuda alimentaria aos empregados de xornada partida, cunha tarxeta moedeiro MasterCard-menú que só se poderá utilizar de 9 h a 19 h cada día de xornada partida efectiva e pola cantidade exacta de 9 euros diarios. Comunicámoslle á empresa o noso total desacordo con ese modelo absolutamente restritivo de tarxeta moedeiro, que non se parece en nada ao tipo de tarxetas que se utilizan noutras empresas e que é peor que o

aboamento na nómina ou os tickets. Imos dirixir unha carta nese sentido á dirección de RR.HH. e, se cómpre, recolleremos sinaturas entre todos os compañeiros e compañeiras para avalar a nosa oposición ao citado sistema de axuda alimentaria.

### **EMPREGADOS DE EMPRESAS DE TRABALLO TEMPORAL**

Reclamamos a axuda alimentaria para estes empregados. O banco comunicounos que ADECCO, ALTA GESTIÓN E MANPOWER entregarán a axuda alimentaria aos empregados destas ETT que realizan a xornada intensiva traballando a tarde dos xoves. Para a nosa sorpresa, informounos de que as ditas ETT non aboarán a axuda alimentaria a quen traballe no banco coa xornada partida. Imos reclamar información ao Banco e á ETT co fin de indagar se legalmente corresponde aboar ou non a axuda alimentaria. En consecuencia, trasladamos o tema aos nosos servizos xurídicos para que valoren as posibles accións xudiciais pertinentes e a posible responsabilidade legal que corresponde ao Banco por contratar ETT que vulneran a legalidade vixente en materia de salario, se for o caso.

### **OFICINAS DE 1, 2 OU 3 EMPREGADOS**

Solicitamos información sobre as oficinas que efectivamente teñen aberta a caixa o xoves pola tarde. Así mesmo, reclamamos información sobre a problemática de seguridade e o cumprimento de normativa de caixeiros que se pode producir nas oficinas de 1, 2 ou 3 empregados se non se pecha a oficina o mediodía dos xoves.

## BOLSA DE 15 HORAS

Os administrativos que acudan fóra da súa xornada habitual a reunións formativas ou informativas por ser convocados, poderán compensar a bolsa de 15 horas establecidas no pacto con este tempo, por exemplo: reunión convocada por territorial ou zona, mercado de capitais...

## MEDIDAS DE CONCILIACIÓN (redución de xornada)

As persoas que quixeron reducir a tarde do xoves traballando menos de tres horas, ademais de reducir uniformemente as mañás, negóuselles esa posibilidade desde RR.HH., xa que interpretan que a tarde do xoves se reduce enteira ou non se reduce. Non sabemos como chegan a esa interpretación: o artigo 27.4 do noso convenio recolle que a «concreción horaria (...) da redución de xornada (...) corresponderá ao traballador, dentro da súa xornada ordinaria» e é o que se veu aplicando nesta empresa ata agora, desde CCOO COMFIA-CCOO instamos a RRHH para que reflexione sobre este tema e modifique a súa decisión.

## HORARIOS ESPECIAIS

Nalgúns ámbitos laborais, por esixencias de servizo e de mercado, cómpre un horario de traballo que cubra, con diferentes horarios, unha xornada de 8 h ás 19 h de luns a venres todo o ano. Os empregados que traballan nestes ámbitos perciben unha compensación por quenda especial de traballo. Como o pacto de sábados reduce a xornada en máis de 50 horas e non é posible aplicar esta redución nos devanditos ámbitos, pasámoslle á empresa unha proposta de compensación para os empregados que realizan estas quendas especiais de traballo. A empresa manifestou a súa vontade de actualizar a mencionada compensación.

O próximo día 12 producirase a seguinte reunión para tentar avanzar nos diversos temas tratados. Seguiremos informando.

Febreiro de 2010

**Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)**

## Boletín de afiliación

Enviar a ➔ 3532-0002

Data.....

Nome e apelidos .....

DNI ..... correo electrónico .....

Dirección .....

Poboación .....

Código postal .....

Domiciliación bancaria:

Entidade \_\_\_\_\_ Oficina \_\_\_\_\_ DC \_\_\_\_\_ Conta \_\_\_\_\_

Sinatura:

### PROTECCIÓN DE DATOS:

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezcan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a [lodp@ccoos.es](mailto:lodp@ccoos.es) ou chamar por teléfono ao 917028077.